

PONENCIA POLÍTICA: MUNICIPALISMO

Conferencia Política · Maio 2026
Movemento Sumar Galicia

Natureza do documento

A presente **Ponencia Política sobre Municipalismo** ten por obxecto fixar o marco político, estratéxico e organizativo de Movemento Sumar Galicia no ámbito municipal, co horizonte posto nas eleccións municipais de 2027.

Este documento sométese ao **proceso de debate e emendas** da Conferencia Política de maio de 2026, conforme ás normas e procedementos aprobados polos órganos competentes da organización.

Guión da ponencia

1. Introducción

- O municipalismo como pilar central do proxecto político de Movemento Sumar Galicia.
- O concello como primeiro espazo de democracia, de prestación de servizos públicos e de relación directa coa cidadanía.
- A Conferencia Política de 2026 como momento clave para fixar unha posición política clara a un ano das eleccións municipais de 2027.

2. Onde estamos

- Realidade municipal galega diversa: rural, vilas e cidades, con necesidades e dinámicas diferenciadas.
- Infrafinanciamento estrutural dos concellos e incremento continuado de competencias sen a dotación de recursos necesaria.

- Debilitamento da autonomía local e presenza de dinámicas recentralizadoras.
- Movemento Sumar Galicia nun proceso de despregue organizativo comarcal e local, orientado ao arraigo territorial e á participación democrática.

3. Cara onde imos

- Aposta decidida por un municipalismo:
 - Democrático e participativo.
 - Feminista e centrado nos coidados.
 - Ecoloxista e sustentable.
 - Laborista e defensor dos servizos públicos.
- Reforzo do poder local como ferramenta fundamental de igualdade territorial e cohesión social.
- As eleccións municipais de 2027 como unha oportunidade para consolidar o proxecto político e ampliar a base social.

4. Relación coas candidaturas locais

- Recoñecemento e posta en valor das candidaturas municipalistas e dos proxectos locais xa existentes.
- Principio político de suma e cooperación como eixo da acción municipal.
- Respecto pola autonomía política e organizativa de cada territorio.
- Acompañamento, apoio e coordinación como liña de traballo preferente de Movemento Sumar Galicia.
- Naqueles territorios nos que non existan candidaturas do espazo progresista, compromiso de promover espazos amplos e abertos de encontro cidadán, orientados a facilitar a construción de candidaturas municipais plurais que xeren alternativas progresistas de goberno desde a participación social e o arraigo local.

5. Desafíos e oportunidades

- O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) como exemplo das limitacións actuais do municipalismo cando non vai acompañado dun financiamento axeitado.
- A nova Lei de Administración Local de Galicia como un risco potencial para a autonomía e a capacidade de actuación dos concellos.
- O municipalismo como resposta política fronte á desafección democrática e ao avance de discursos reaccionarios.

6. Peche

- O municipalismo como unha estratexia de país, non unicamente como un obxectivo electoral.
- 2027 entendido como unha etapa dentro dun proceso máis amplo de construción e fortalecemento do poder local.
- Necesidade de reforzar organización, presenza institucional e vínculo coa sociedade desde o ámbito municipal.